

## DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 1991.

Manuel Montero Gómez  
Conxelleiro de Sanidade

## Conxellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

*Corrección de errores.—Orde do 3 de xuño de 1991 pola que se dan normas para a obtención e revalidación do carné de mariscador.*

Adverido erro na devandita orde, publicada no DOG n.º 134 do 15 de xullo de 1991, cómpre efectua-la oportun a rectificación:

Na páxina 6.559, no apartado f), onde di: «Fotocopia da cartilla de inscrición marítima.», debe dicir: «Fotocopia compulsada da cartilla de inscrición marítima.». No artigo quinto, onde di: «Para a renovación do carné, en...», debe dicir: «Para a renovación ou revalidación do carné, en...». No artigo 13.º, onde di: «As persoas con 65 anos ou máis non poderán obte-lo carné de máriscador.», debe dicir: «As persoas con 65 anos ou máis non poderán revalidar nin obte-lo carné de máriscador».

## III. OUTRAS DISPOSICIONES

### Conxellería de Educación e Ordenación Universitaria

*Orde do 1 de xullo de 1991 pola que se lle autoriza a implantación do curso de orientación universitaria, co aumento de dúas unidades, ó centro homologado de bacharelato Rosalía de Castro de Vigo, Pontevedra.*

Examinado o expediente promovido polo titular do centro homologado de bacharelato Rosalía de Castro de Vigo, en solicitude de autorización para impartir ensinanzas do curso de orientación universitaria coa ampliación de dúas unidades;

Resultando que o citado centro foi clasificado na categoría académica de homologado para impartir ensinanzas de bacharelato;

Vistos, a Lei xeral de educación de 4 de agosto de 1970, a Orde ministerial do 17 de xullo de 1980 (BOE do 24 de xullo) e o Decreto 1.885/1974, do 7 de xuño (BOE do 10 de xullo), que regula os centros non estatais de ensinanzas medias.

Considerando que o expediente recibiu o informe favorable da Inspección de Bacharelato, da Unidade Técnica de Construccións e da Delegación Provincial, que o eleva a esta conxellería no mesmo sentido e coa documentación necesaria,

Esta conxellería dispón:

Autorizarlle a impartición das ensinanzas do curso de orientación universitaria, co aumento de dúas unidades, para o próximo curso 1991/1992 ó centro seguinte:

Provincia: Pontevedra.

Concello: Vigo.

Localidade: Vigo.

Denominación: Rosalía de Castro.

Enderezo: Estrada de Bembrive, n.º 91.

Titular: APA.

Nº total de postos escolares autorizados: 320.

O que comunico para o seu coñecemento e efectos.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 1991

Juan Piñeiro Permuy  
Conxelleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

Ilmo. Sr. Director Xeral de Ensinanzas Medias

*Resolución de 15 de xullo de 1991, da Secretaría Xeral Técnica da Conxellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se empraza ós interesados no recurso contencioso administrativo n.º 916/1991 interposto perante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.*

Recibido o requerimento telegráfico da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a que fai referencia o artigo 8 da Lei 62/1978, do 26 de decembro, en relación co recurso contencioso administrativo n.º 916/1991, interposto por Braulio Amaro Caamaño, María del Carmen Taboada Pérez y José María Bouzo Fernández contra tres resolucións da Conxellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 3 de xuño de 1991, recaídas en expedientes disciplinarios seguidos ós recurrentes polas que se lles imponen sancións de suspensións de funcións, traslados de destinos e devolución de haberes,

Esta secretaría xeral técnica resolveu emprazar para que comparezan perante a sala, no prazo de cinco días, a tódolos interesados no procedemento, e, polo tanto, lexitimados para poder presentarse perante ela.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 1991,

Lucio Rafael Soto  
Secretario Xeral Técnico da Conxellería de  
Educación e Ordenación Universitaria

## Consellería de Industria e Comercio

*Resolución do 16 de mayo de 1991, da Delegación Provincial da Coruña, de autorización administrativa, declaración de utilidade pública e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que se citan, propiedade da entidade mercantil Unión Eléctrica - Fenosa, S.A. (Exptes. números 51.721 e 51.738).*

Vistos os expedientes incoados por escrito da entidade mercantil Unión Eléctrica - Fenosa, S.A., co enderezo na rúa Severo Ochoa, 2, polígono de Bens, A Grela. 15008-A Coruña, nos que solicitou a autorización administrativa, a declaración de utilidade pública e a aprobación do proxecto de execución das instalacións que seguen:

Expte. 51.721. Liña de media tensión aérea de 20 kV. que parte da LMT. Antequera - Aguasantas, expte. 2.630 e final no centro de transformación Sorribas en LA-30 dividida en dous tramos A Pontenova - A Peroxa de 2.098 m e LMT. Cruceiro CT. a CT. Sorribas de 1.305 m derivada de LMT. a CT. Tourís, parte do apoio n.º 6 da LMT. a Reibó e final en CT. Tourís de 50 kVA. a  $20.000 \pm 5\% / 398-230$  V., termo municipal de Rois. RR.BB.TT. dos CC. TT. de Sorribas e Tourís de 4.614 m de lonxitude en RZ.

Expte. 51.738. Ampliación da rede de distribución aérea de 20 kV. de 826 m de lonxitude que parte do apoio n.º 1 da LMT. a CT. Vilar ó CT. Madereira Galega e final no CT. para construír en Monte da Vila, termo municipal de Santiago. CT. aéreo de 100 kVA. a  $20.000 \pm 5\% / 398/230$  V. Rede de baixa tensión de 2.375 m de lonxitude en RZ.

Cumpridos os trámites ordenados nos capítulos III dos Decretos 2.617 e 2.619/1966, do 20 de outubro, sobre autorización e expropiación forzosa de instalacións eléctricas, de acordo co dispuesto na lei do 24 de novembro de 1939, no Decreto 1.775/1967 do 22 de xuño, e no Real decreto 2.563/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia,

Esta delegación acorda:

Autorizar e declarar de utilidade pública e aprobar o proxecto das referidas instalacións, que se executarán nas condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación, e nas condicións establecidas polos ministerios, organismos ou corporacións que constan nos expedientes, quedando obrigada a empresa titular das instalacións a notifica-lo comezo e remate das obras para a súa inspección e autorización de posta en marcha; a Administración autónoma poderá deixar sen efecto a presente resolución, logo do oportuno expediente no momento no que observe o incumprimento daqueles regulamentos.

A Coruña, 16 de maio de 1991

Juan Ignacio Lizaur Otero  
Delegado Provincial

## Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

*Resolución do 19 de xuño de 1991, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, sobre constitución, modificación e disolución das sociedades agrarias de transformación que se citan. (S.A.T. Portabales e outras).*

En cumprimento das funcións que lle están atribuídas a esta secretaría xeral técnica e para xeral coñecemento, acórdase publica-la relación das sociedades agrarias de transformación constituídas conforme o Real decreto 1.776/1981, do 3 de agosto, e orde da Consellería de Agricultura do 29-4-88 e inscritas no Rexistro de S.A.T. de Galicia.

### Constitución de:

S.A.T. «Portabales Hermanos» n.º 814 XUGA, de responsabilidade limitada, domiciliada en San Félix de Varrón - O Carballiño (Ourense), con obxecto social: Explotación agrícola de froiteiras, viñas e outros cultivos, capital social 1.000.000 de ptas. n.º de socios 5.

S.A.T. «Flores de Santa Tecla» n.º 815 XUGA, de responsabilidade limitada, domicilio social en San Xoán de Tabagón - O Rosal (Pontevedra), con obxecto social producción e comercialización de flor, capital social 4.000.000 de ptas., n.º de socios 4.

S.A.T. «Vaca Loura» n.º 816 XUGA, de responsabilidade limitada, domicilio social en San Miguel de Penas - Monterroso (Lugo), con obxecto social producción e comercialización de leite, capital social 20.000 ptas., n.º de socios 4.

S.A.T. «Xercas» n.º 817 XUGA, de responsabilidade limitada, domicilio social Castiñeiras - Xermade (Lugo), con obxecto social recría de xuvencas para reposición de estabulacións existentes e venda daquelas, capital social 2.400.000 ptas., n.º de socios 4.

S.A.T. «Teixeira Flor» n.º 818 XUGA de responsabilidade limitada, domicilio social O Viso - Redondela (Pontevedra), con obxecto social producción e comercialización de flor cortada e plantas ornamentais, capital social 1.800.000 ptas., n.º de socios 3.

S.A.T. «A Fraga» n.º 819 XUGA, de responsabilidade limitada, domicilio social Canaledo - Riqueira - Xove (Lugo), con obxecto social elaboración e comercialización de carbón vexetal e derivados, capital social 2.000.000 de ptas., n.º de socios 4.

S.A.T. «Montes de Frieiro» n.º 820 XUGA de responsabilidade limitada, domicilio social Frieiro - Castriz - Santa Comba (A Coruña), con obxecto social: Prestación de servicios ós socios consistentes a reorganización da propiedade dos seus predios a través da concentración parcelaria de carácter privado, capital social 42.000 ptas., n.º de socios 42.

S.A.T. «Operón» n.º 821 XUGA, de responsabilidade limitada, domicilio social Piñeiro - O Corgo (Lugo), con obxecto social silvicultura e aproveitamento de cogomelos capital social 300.000 ptas., n.º de socios 3.